



CORESMA 2023

FREAR A
DESIGUALDADE
*está nas
tuas mans*

Caderno de actividades
para nenos e familias



Manos Unidas/Marta Mari

Mira a foto: Que ves?

**Sabías que moita da roupa que compramos
confecciónan nenos e nenas?**

Manos Unidas
CAMPAÑA CONTRA EL HAMBRE

Día do Xaxún Voluntario
Venres, 10 de febreiro de 2023

Xornada Nacional de Manos Unidas
Domingo, 12 de febreiro de 2023



ORACIONES DE CORESMA

I Semana de Coresma

Señor Xesús, moitas veces sentímonos tentados a ser egoístas, a crernos os mellores, a pensar que somos os máis importantes. Ensínanos a ser máis humildes e, no canto de querer ter cada día máis cousas, que aprendamos a compartir o que temos cos que o necesitan.

II Semana de Coresma

Xesús, ensínanos a adorarte de verdade. Querendo a todas as persoas, perdoando, sendo bos e responsables. Querémoste e queremos compartir a alegría que nos dá crer en Ti.

III Semana de Coresma

Señor Xesús, sabemos que Ti nos amas e que es o camiño para ser bos e felices. Axúdanos a querer a todas as persoas como son, sen importar de onde veñan ou cal sexa a súa raza, a súa cor ou a súa relixión.

IV Semana de Coresma

Querido Xesús, queremos ser como San Xosé, o teu pai na terra. El foi un home bo e traballador que che ensinou a amar a Deus, á túa nai María e ás persoas coas que che fuches atopando no teu camiño.

V Semana de Coresma

Señor Xesús, ti es o camiño que nos leva á verdadeira vida, á felicidade. Axúdanos a crer en Ti, a non ter medo, a confiar en que Ti sempre estás ao noso lado. Grazas por ser o noso amigo e a nosa esperanza.

Domingo de Ramos

Querido Xesús, nós tamén queremos dicirte que cremos en Ti e que es o noso Señor. Queremos seguirte e aprender de Ti a coidar do noso mundo, sobre todo da natureza e das persoas que máis nos necesitan.



BENDICIÓN DA MESA

Xesús, dámosche grazas porque os nosos pais poden gañar un salario digno, porque temos colexios e médicos onde nos ensinan e coidan. Ofrecémosche o noso

compromiso e esforzo. Queremos aprender a compartir e axudar para facer un mundo máis xusto, no que todas as nenas e nenos teñan unha infancia feliz.

Adiviñanza: O TRABALLO INFANTIL É UNHA INXUSTIZA

Palabras ocultas: COMPARTIR, XUSTIZA

Fuga de vogais: TRABALLO, TERRA, DEREITOS

SOLUCIÓNS:



AXUDA A LÁZARO

Como vimos en catequese, Lázaro era moi pobre.

Hoxe tamén hai millóns de persoas que son moi pobres.

Pero a súa pobreza é causada por inxustizas: non teñen terra para cultivar a súa comida; algunha empresa contaminou a auga que tiñan para beber ou cociñar; non puideron estudar nin teñen un traballo co que gañar suficiente para vivir.

Cando os pais non gañan suficiente, os seus fillos teñen que traballar, aínda que sexan moi pequenos e non poden ir á escola nin gozar da súa infancia.

Que necesita Lázaro para chegar á mesa e comer co rico Epulón?

Fuga de vogais (completa as palabras)

T R B L L

T R R

D R T S

Palabras ocultas

MESACOMPARTIRBEBERRÍOMÁISXUSTIZAFLORCAMELO

Que dúas palabras son as máis importantes para que a ninguén falte o suficiente para vivir?

Unha pista: un verbo e un substantivo

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

--	--	--	--	--	--	--	--

ADIVÑA, A DIVÑANZA

Moitas veces, o traballo infantil é para fabricar balóns de fútbol, ou para buscar nas minas os minerais necesarios para facer móbiles.

Poñendo as letras que corresponden, segundo o abecedario, atoparemos a frase que queremos transmitir nesta Coresma.

14	19	17	1	2	1	10	10	14	9	12	6	1	12	19	9	10

5	20	12	8	1	9	12	22	20	18	19	9	23	1

SOPA DE LETRAS

- XUSTIZA
- TRABALLO
- INFANCIA
- SAUDE
- XOGOS
- COMPARTIR

X	U	S	T	R	A	B	A	L	L	O	M
B	C	A	Z	A	L	M	V	T	J	I	Z
Z	H	U	Y	B	K	N	U	R	I	H	Y
F	J	D	E	G	O	S	T	A	N	G	W
W	E	E	U	C	I	O	N	B	F	F	B
Y	P	E	X	U	S	T	I	Z	A	E	C
D	Ñ	R	O	D	I	O	R	J	N	D	H
A	L	S	G	E	H	P	Q	O	C	C	I
O	G	C	O	M	P	A	R	T	I	R	O
J	H	T	S	F	G	Z	Y	X	A	A	U

HISTORIAS DE SOLIDARIDADE



Uganda

O meu nome é **Shamim**. Vivo en Uganda, un país moi bonito ao leste de África. Os meus pais son agricultores, pero non teñen boa terra nin auga suficiente, polo que non producen bastante para vivir. Os nenos e as nenas como eu, ás veces, tiñamos que axudar no campo e non podíamos ir á escola. Grazas á colaboración de Mans Unidas con Cáritas da nosa rexión, temos unha escola, un baño e un depósito para recoller a auga de choiva, ademais dun horto co que mellorar a nosa alimentación.

**Coñeces a menores que teñen que traballar?
Ti axudas en casa? Que feixes?
Se naceses en Uganda, como sería a túa vida?**



Filipinas

Chámome **Erwin** e o meu nome significa amigo do mar. Os meus pais son moi pobres, teñen moi pouca terra e pouco fértil, polo que conseguen moi pouca comida. Non estudaba porque a escola de Secundaria estaba a máis de 7 quilómetros e tiña que ir andando. Traballaba coa miña familia no campo. Grazas a un proxecto de construción dunha escola de Primaria e Secundaria no pobo, vou poder seguir estudando e gozando da miña infancia.

**Por que non estudaba Erwin?
Que se pode facer para que os seus pais
consigan comida?
Que podes facer para que Erwin
teña unha vida mellor?**

Guatemala

Son **Amarilis**, é un nome de flor. Vivo en Guatemala, nun barrio onde as familias teñen poucas terras para cultivar alimentos e están contaminadas polo cultivo de palma e o uso intensivo de pesticidas e abonos químicos. O Movemento de Traballadores Campesiños e Mans Unidas crearon un proxecto de emprego para mozos onde os meus irmáns traballan e poden colaborar coa economía familiar e, así, eu podo estudar e xogar coas miñas amigas.

**Coñeces a alguén que non teña para comer?
Sabes por que?
Imaxina que es do barrio de Amarilis,
como sería a túa vida?**



**Que podes facer para que Shamim, Erwin, Amarilis
e outros nenos como eles poidan gozar da infancia?**